

TRÁTASE DE QUE ESTEA ABERTA Ó CIADÁN AS 24 HORAS DO DÍA OS 365 DÍAS DO ANO

Cara unha administración electrónica exemplar

■ A Xunta de Galicia está inmersa nun proceso de modernización para garantir aos cidadáns a posibilidade de relacionarse telematicamente coas administracións públicas con todas as garantías, aforrando custes e tempo independentemente do lugar onde vivan e do nivel administrativo desde o que inicien a tramitación. Trátase de conseguir unha administración aberta aos cidadáns as 24 horas os 365 días do ano.

Para acadar este obxectivo o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Modernización, puxo en marcha en abril de 2010 o Plan de Modernización da Administración Pública da Xunta de Galicia, que marca as liñas de actuación para estender o uso das tecnoloxías para ofertar novos servizos e mellorar os actuais, acelerando a tramitación de procedementos e facilitando a participación e a información da cidadanía en tempo real.

O primeiro paso do Plan foi a aprobación en decembro de 2010 do Decreto que establece o marco de desenvolvemento da administración electrónica e que establecía entre outras obrigas o desenvolvemento da sede e do rexistro electrónico, a dixitalización do DOG.

DOG DIXITAL

Desde maio deste ano a o DOG electrónico é unha realidade no enderezo <http://dog.xunta.es>, garantindo a mesma validez xurídica que a versión en papel así como un servizo público universal, de consulta gratuita e libre acceso a toda a cidadanía, simplificando os procesos de produción, reducindo o tempo de edición, a racionalización do gasto e a difusión gratuita do boletín.

Entre as principais vantaxes da edición online está o importante aforro económico de máis de 1 millón de euros anual ao eliminar o uso do papel para a súa publicación xunto coa redución do impacto ambiental. Ademais, a súa lectura é

FACTURA ELECTRÓNICA

A Xunta puxo en funcionamento o sistema de facturación electrónico, un instrumento pioneiro que mellora as canles de contratación entre a administración e as empresas o que ademais permite establecer unha estratexia de modernización, simplificar trámites e reducir os custes. Grazas a posta este sistema reduciuse ata 45 días, por debaixo do máximo legal, o pagamento de facturas. A Administración creou un portal electrónico para centralizar as facturas, incorporalas ao sistema e consultar o seu estado de tramitación, tanto se son enviadas á Administración en formato dixital ou en papel. Este sistema permite centralizar e tratar de maneira uniforme as facturas emitidas polos provedores da Administración, co que se obtén "unha xestión máis rápida e eficiente"; realizar a incorporación das facturas ao sistema e a consulta do seu estado de tramitación; permitindo xestionar as facturas emitidas, habilitando os trámites de aprobación para cada un dos actores que participan no proceso.

A SEDE ELECTRÓNICA SERÁ O PUNTO DE ACCESO ÚNICO Á INFORMACIÓN E ÓS TRÁMITES DE TODA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

máis fácil ao estar estruturado dun xeito máis sinxelo e pódese consultar as 24 horas os 365 días do ano.

SEDE ELECTRÓNICA

Outro dos fitos acadados no impulso da Administración foi a posta en marcha o pasado mes de setembro da sede electrónica. Cidadáns e empresas poden acceder á través da dirección <https://sede.xunta.es> ao espazo que se converterá no punto de acceso único a toda a Administración e as súas entidades instrumentais a través da rede.

A día de hoxe se incorporaron á sede 139 procedementos que se poden presentar de xeito telemático e calquera novo procedemento se poña en marcha poderá ser presentado de forma electrónica. Así avánzase no compromiso do Goberno galego de reducir as cargas administrativas que implican a presentación de trámites en papel.

O obxectivo marcado polo Plan de Modernización da Administración é acadar no 2013 o 100% da tramitación online dos procedementos administrativos e avanzar

cara unha política cero papel. Entre os avances cómpre destacar que xa en 2010 se eliminou a petición de documentación básica como o DNI e, en breve, co certificado de empadramento.

A sede evita a desorientación do cidadán grazas a un réxime común de tramitación administrativa e a unha estruturación independente de cambios organizativos. Simplifícase a relación entre o cidadán e Administración, facilitándolle un único interlocutor a efectos operativos. Ademais, a sede electrónica garante o cumprimento dos Esquemas Nacional de Seguridade e Interoperabilidade, unha maior flexibilidade e adaptabilidade ante posibles cambios nos órganos da Xunta e unha maior seguridade, fiabilidade e dispoñibilidade do servizo.

REXISTRO ELECTRÓNICO

Dentro das canles de acceso ao rexistro único estará o Rexistro Electrónico que permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as 24 horas do día e terá idénticos efectos que as realizadas outro rexistro público. Este Rexistro emitirá de forma automática o correspondente recibo de presentación, consistente nunha copia autenticada do escrito solicitude ou comunicación de que se trate.

Para avanzar nos obxectivos marcados no Plan de Modernización é fundamental dotar aos emprega-



A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, e os directores xerais de Función Pública durante a presentación da primeira fase do proxecto Kronos.

dos públicos das ferramentas adecuadas para adaptar o seu traballo ás necesidades da Administración electrónica. Este é un dos obxectivos do Proxecto Kronos de implantación da nova tarxeta intelixente que inclúe o certificado de emprego público, permite asinar dixitalmente os documentos dos procedementos telemáticos, regula o control horario e abre a porta a regulación da flexibilidade horaria e ao teletraballo.

Actualmente estase a desenvolver a primeira fase do proxecto que prevé que un total de 3.000 empregados públicos da Administración autonómica e da Xustiza en Galicia dispoñan nos primeiros meses de 2012 da nova tarxeta.

Das 3.000 tarxetas que se distribuirán nesta fase de implantación, 1.500 corresponden aos citados departamentos da Administración Autonómica e outras 1.500 se destinarán a persoal da

Administración de Xustiza.

Finalmente, púxose en marcha o Portal do Empregado Públicos para facilitar o acceso aos servizos máis habituais para os profesionais da Administración. Desde a súa entrada en funcionamento, o Portax, rexistrou máis de 230.000 accesos, e a licitación electrónica que permite incorporar os beneficios do comercio electrónico á contratación da Administración autonómica. ■

IMPULSO DO GOBERNO ABERTO E DAS REDES SOCIAIS

Un elemento clave en todo o proceso de modernización da Administración autonómica galega é presenza na rede e por iso o Goberno galego aprobou o pasado mes de outubro o Decreto que regula a presenza da Administración Xeral do Sector Público en Internet.

O obxectivo da norma, a segunda destas características despois da que está en vigor no País Vasco, é garantir a transparencia informativa e impulsar a participación cidadá a través das redes sociais avanzando cara un Goberno aberto.

O decreto establece as medidas para impulsar o uso das redes sociais e para avanzar en aspectos clave da Administración como a reutilización da información, a transparencia e a accesibilidade.

O obxectivo é acadar o Goberno aberto ou Open Data, aquel que promove unha

participación efectiva a través das canles sociais e que pon a disposición da sociedade, de maneira libre, os datos que se xeran no ámbito da Administración pública. Este tipo de información (listas, bases de datos, informes...) posúe un grande interese e potencial para os cidadáns e empresas pola súa calidade e fiabilidade.

Por unha banda, ofréceselles aos cidadáns galegos a posibilidade de mellorar a súa información e coñecemento sobre as actividades das institucións e por outra facilítaselle ás empresas o desenvolvemento de novos servizos e produtos. O avance cara o Goberno aberto supón elemento xerador de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións e prestacións en base a esta información.

Ademais, aos axentes económicos e sociais poderán ter unha maior axilidade na toma de decisións ao dispoñer de forma fácil e asequible información administrativa, financeira, xurídica. O decreto impulsa o uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión, a través do que recibir valoracións e suxestións sobre a planificación de políticas, e toma de decisións a todos os niveis de goberno.

A Administración autonómica galega incrementou de xeito progresivo a súa presenza nestas canles durante os últimos e actualmente arredor de 15 departamentos da Xunta de Galicia teñen contas en boa parte das redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Flickr, Youtube e Vimeo. En concreto o portal corporativo www.xunta.es conta actualmente con preto de 5.000 seguidores tanto en Facebook como en Twitter.